

Memoria xustificativa dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e diversos concellos de Galicia para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios forestais do mes de xullo de 2022 e do restablecemento dos servizos municipais afectados

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 29 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre estes, os dedicados á protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Esta colaboración, segundo o artigo 193 da citada Lei, entenderase como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que se puidesen presentar máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública.

Así mesmo, no artigo 195 sinalase que esta colaboración e cooperación poderá realizarse, entre outros mecanismos, mediante a axuda financeira, que se levará a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas que se concederán aténdose a criterios determinados e a condicións para a súa utilización e emprego e para executar obras ou prestar servizos locais, ou a subscrición de convenios.

Neste marco legal, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (en diante, VSCPXD) pretende establecer unha liña de colaboración con concellos afectados polos incendios forestais producidos en Galicia durante o mes de xullo de 2022, que se regulará mediante os convenios que se subscriban coas respectivas entidades locais.



A vaga de incendios producidos durante o mes de xullo de 2022, que afectou especialmente a zonas das provincias de Lugo e de Ourense, ocasionou danos en bens de titularidade municipal que afectaron o normal funcionamento dos servizos públicos. O seu restablecemento supuxo a asunción de gastos extraordinarios por parte das facendas municipais das entidades locais máis afectadas. Estes gastos destináronse, entre outros, á realización de obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, a cubrir os gastos de limpeza e restauración ambiental destes, a recollida e traslado de restos e de adquisición de material funxible para a reposición dos servizos afectados polos incendios e para a posta a disposición do dispositivo de emerxencias que se despregou na zona. Tamén repercutiu sobre os concellos afectados unha parte dos custos producidos pola atención ao persoal, tanto propio como dos efectivos integrantes do operativo de extinción.

En definitiva, trátase de gastos imprevistos, urxentes e extraordinarios, producidos a consecuencia da situación de emerxencia creada polos incendios forestais producidos durante o mes de xullo de 2022, asumidos polos concellos afectados e que supuxo para estes un importante incremento do gasto municipal.

De acordo co previsto no artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, mediante a Orde do 29 de decembro de 2021, xa citada, reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022 e as actuacións ás que se destina. De acordo con esta orde reguladora, parte do Fondo aplícase a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Consonte esta distribución do Fondo para 2022, na aplicación 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (CP 2013 00770), existe crédito axeitado e suficiente para o seu emprego eficaz nesta colaboración que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias, pretende establecer coas entidades locais de Galicia máis afectadas polos incendios do mes de xullo de 2022, para contribuír no financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios do mes de xullo de 2022 e do restablecemento dos servizos municipais afectados.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar os instrumentos convencionais ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022, se ben consideraranse subvencionables todos os gastos que os concellos teñan realizado como consecuencia dos incendios sufridos no mes de xullo de 2022, aínda que se teñan producido antes da sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos imputables ao actual exercicio orzamentario.

4. Obxecto do convenio

Os convenios teñen por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e determinados concellos para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados da xestión das emerxencias causadas polos incendios do mes de xullo de 2022, e dos danos producidos por estes en bens de titularidade municipal.

Para os efectos destes convenios, consideraranse gastos elixibles aqueles que sexan imputables ao capítulo 2 do orzamento de gastos da entidade local e teñan como obxecto:



- a. Obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios.
- b. Gastos de limpeza e restauración ambiental das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, incluída a recollida e traslado de restos.
- c. Os gastos de alugueiro, combustible e reparación de maquinaria e vehículos.
- d. Gastos de traslado, aloxamento e mantenza da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos integrantes do operativo de extinción, que cada un dos concellos tivese que asumir.
- e. Gastos de adquisición de material funxible para a reposición dos servizos afectados polos incendios e para a posta a disposición do operativo de extinción.
- f. En xeral, calquera outro directamente relacionado coa situación dos incendios do mes de xullo de 2022, que teña natureza de gasto corrente e sexa imputable ao capítulo 2 do orzamento de gastos da entidade local.

O obxectivo común é colaborar con estes concellos na consecución ou recuperación do normal funcionamento dos servizos municipais afectados ou danados polos incendios, colaborar no mantemento da estabilidade orzamentaria municipal e asemade contribuír á recuperación económica no ámbito local.

5. Fundamentos do convenio

A vaga de incendios forestais producidos durante o mes de xullo de 2022, agravada polas altas temperaturas que se están a rexistrar como consecuencia do cambio climático, obrigou á Comunidade Autónoma de Galicia a activar o plan de protección e poñer en marcha todos os mecanismos previstos para traballar na extinción dos incendios. A gravidade da situación evidénciase no feito de que algúns concellos tiveron incluso que afrontar varios incendios, que se activaron a partir de diversos focos, nun intervalo de poucos días.

Estes incendios produciron danos en infraestruturas, equipamentos e bens de titularidade municipal e, xa que logo, afectaron ao normal funcionamento dos servizos públicos. Tamén ocasionaron gastos de traslado, aloxamento e mantenza do persoal, tanto propio dos concellos afectados como dos efectivos integrantes do operativo de extinción.

Estes custos que incrementaron o gasto municipal por riba das previsións contidas no seu orzamento de gastos, tensionaron as dispoñibilidades da facenda municipal e a limitación de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, imprescindibles para a reposición dos servizos e para o funcionamento do operativo de emerxencias.

Nun marco orzamentario restritivo para as entidades que integran a Administración local, delimitado polo necesario control do gasto público e polo mantemento da estabilidade orzamentaria, os concellos pequenos atopan dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que representan para a Facenda local a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención.

Así pois, estes convenios de colaboración responden ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o restablecemento do normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

Asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e coa aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (CP 2013 00770).



A conxuntura descrita, as circunstancias específicas dos concellos relacionados e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no financiamento dos gastos derivados dos incendios forestais do mes de xullo de 2022, vinculados ao operativo de extinción e ao restablecemento dos servizos municipais danados, sobre os cales se actuará a través dos convenios que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, converxen para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención aos concellos que se detallan no punto seguinte.

6. Concellos beneficiarios

A proposta de concellos beneficiarios ten como base o informe remitido polo Servizo de Coordinación de Medios da Dirección Xeral de Defensa do Monte, no que se relacionan os concellos ordenados de maior a menor superficie queimada (>100 ha) por incendios forestais dentro do seu territorio durante o pasado mes de xullo de 2022:

CONCELLO	PROVINCIA	HECTAREAS	N.º Orde
Folgoso do Courel	Lugo	6.477	1
Carballeda de Valdeorras	Ourense	6.148	2
Vilariño de Conso	Ourense	5.885	3
O Barco de Valdeorras	Ourense	3.349	4
A Pobra do Brollón	Lugo	3.302	5
Rubiá	Ourense	3.160	6
Quiroga	Lugo	2.304	7
Verín	Ourense	1.924	8
Oimbra	Ourense	1.341	9
Chandrexa de Queixa	Ourense	1.306	10
Samos	Lugo	1.196	11
Arbo	Pontevedra	485	12
Cervantes	Lugo	328	13
Palas de Rei	Lugo	285	14
Vilardevós	Ourense	233	15
Castrelo de Miño	Ourense	192	16
Rodeiro	Pontevedra	110	17

A vista dos datos consignados no devandito informe, e para os efectos de seleccionar os concellos máis afectados polos incendios de xullo 2022, considérase que a proposta de beneficiarios debe estar integrada polos que aparecen relacionados nos números de orde 1 ao 6, é dicir aqueles cunha superficie queimada superior a 3000 ha.

A determinación desta cifra de superficie queimada, ademais de seleccionar os suxeitos das subvencións con base nun criterio obxectivo e directamente relacionado co destino das subvencións, permite distribuír de forma máis axustada o crédito dispoñible, polo tanto responde ao principio de eficiencia na asignación de recursos públicos que debe rexer a xestión das subvencións, segundo o artigo 5.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, inclúese expresamente nesta proposta o Concello de Triacastela que, se ben non sufriu incendios no seu territorio, por mor da súa situación respecto das zonas máis afectadas, especialmente de Folgoso do Courel, foi requirido para dispoñer os medios necesarios en orde a acoller poboación evacuada dos núcleos ameazados polo lume. Ademais de poñer a disposición do operativo as instalacións municipais, asumiu os gastos de mantenza das persoas desprazadas e de aloxamento daquelas con necesidades especiais.



Cabe sinalar que non se tramitarán os convenios cos concellos da Pobra de Brollón e de Vilariño de Conso. No primeiro caso, o concello comunicou que non tivo gastos derivados dos incendios e, no segundo caso, non cumpre o requisito de ter remitida a conta xeral do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia. Polo tanto, de conformidade co artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 7 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20 de outubro), o Concello de Vilariño de Conso non pode ser beneficiario desta subvención.

Cúmprese deste xeito os principios de concorrencia, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos destes convenios, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de 168.500,00 €, con cargo á aplicación 05.23.141A.461.1 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente* (C.P. 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, na que existe crédito adecuado e suficiente

A achega definitiva para cada concello beneficiario, que podería acadar ata o 100% do orzamento total dos gastos (IVE incluído), ata un máximo de 40.000,00 € por concello beneficiario, determinarase con base na relación de gastos elixibles que as entidades locais deberán enviar á Dirección Xeral de Administración Local:

Concello	Subvención máxima
Barco de Valdeorras, O	40.000,00
Carballeda de Valdeorras	40.000,00
Folgoso do Courel	40.000,00
Rubiá	40.000,00
TOTAL	160.000,00

Para o caso de Triacastela, o importe máximo da subvención establécese con relación á cantidade de gastos asumida por este concello, que se estima en 8.500,00 €.

O importe da subvención fixarase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total dos gastos, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución dos gastos subvencionables.

8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO02, "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"



Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. *Convenios grupos emerxencias* é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 55 entidades.

Estímase que, coa subscripción destes convenios e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 5 entidades beneficiadas, que se corresponden cos concellos do Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Folgoso do Courel, Rubiá e Triacastela, destinatarios das subvencións que se instrumentarán mediante os respectivos convenios:

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	55	5

Con base en todo o anterior

ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á tramitación dos respectivos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e os concellos do Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Folgoso do Courel, Rubiá e Triacastela para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios forestais do mes de xullo de 2022 e do restablecemento dos servizos municipais afectados.
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, ao Equipo de Axudas de Estado e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
Documento asinado dixitalmente á marxe

